



terraetempo
dixital galego de pensamento nacionalista

CPN

Cadernos de
Pensamento
Nacionalista

19

0 máis grande tributo a Reboiras é a vitoria (12 de agosto de 2014)



Fundación
Bautista Álvarez
de Estudos Nacionalistas



www.terraetempo.com



A mocidade quere cambiar o rumbo do noso país

Andrea Martíns

Poderíamos dicir moitas cousas sobre Moncho Reboiras. Entre elas, que foi un rapaz que a unha idade moi temperá descubriu a realidade de Galiza, do seu país. Unha realidade censurada historicamente e negada no económico, social, cultural e político. Esta visión que tiña Moncho é compartida na actualidade por moitas mozas e mozos e motivo de entrar no nacionalismo galego.

Vemos tamén, ao igual que Moncho, como o estado español está a aniquilar o noso futuro na Terra e como, día a día, é preciso defender os nosos dereitos na rúa e loitar contra as políticas de ultradereita impostas polo PP. Tampouco podemos esquecer nos do incansábel enfrontamento contra a visión unitaria tan defendida por aqueles partidos centrais, que non teñen no centro das súas

decisións a nosa nación.

Son moitos os campos nos que centramos as nosas reivindicacións, mais nomearei aqueles nos que traballamos nos últimos tempos. Desta maneira, poderíamos falar do ensino e, en consecuencia, da famosa LOMCE, Lei de Mellora da Calidade Educativa —a mellora penso que é máis difícil de atopar que o propio Wally nos debuxos—. Esta, entre outras cousas, o único que fai é deixar de lado os intereses e motivacións do alumnado para convertelo nunha máquina que poña en práctica unha doutrina pedagóxica de dereita. E porque non falar da posición na que queda un dos nosos maiores símbolos identitarios, a nosa lingua, con esta lei educativa? O galego pasa a ocupar o terceiro posto nunha escala de importancia, por debaixo de linguas estranxeiras como o español e inglés. Por se fora pouco, aquelas nais e pais que non desexen que ás e aos seus pequenos lles impartan aulas en galego terán facilidades da Xunta de do estado para trasladalos a centros privados, iso si, pagadas as aulas con cartos públicos de todas e todos nós!

Tamén as protestas contra a nova Lei do Aborto liderada por Alberto Ruíz Gallardón encheron os nosos calendarios! Esta o único que fai é intentar rematar coa primeira liberdade que ten unha rapaza ou muller, que é a de ser soberana sobre o seu corpo! Tampouco nos permite planificar a nosa maternidade e reduce notabelmente os motivos polos que se pode realizar unha interrupción do embarazo! As decisións do Partido Popular nesta materia o único que pretenden é que volvamos a ser reclusas dos nosos fogares e coidemos aos moitos pequenos que queren que teñamos, mais non o imos permitir! Como dicimos nas mobilizacións: na nosa cona non manda ningún!

A Lei de Seguridade Cidadá -si ese nome que non ten sentido coa súa práctica- está dando que falar. A chamada “Lei da mordaza” promove o castigo da mobilización social e da liberdade de expresión a través da vía administrativa, xudicial e económica. Esta só nos





serve para reafirmar a nosa idea sobre a utilización das forzas e seguridade do estado como ferramenta de represión social! E non o dicimos por dicir, senón porque vivimos esa represión mediante multas -caso das sancións por protestarlle á conselleira de traballo, Beatriz Mato-, xuízos por pintar murais ou múltiples cargas que recibe a sociedade galega cada vez que protesta nas rúas!

Con todo, un dos maiores problemas que está a padecer a mocidade galega é a falta de traballo. Que futuro lle depara á mocidade nesta situación? Queremos traballar aquí, en Galiza e non que nos obriguem a emigrar ou, no caso de quedar, aceptar condicións laborais pésimas! Non podemos permitir que o paro xuvenil sexa un dos principais problemas que teñamos as mozas e mozos! Tampouco que o ano pasado máis de 26.000 compañeiras e compañeiros tiveran que coller as maletas, provocando que máis de 472 autobuses fixesen desaparecer o futuro da nosa nación cando estas persoas poderían ser chave na recuperación productiva de Galiza! Unha recuperación que nin o PP nin o PSOE queren.

Por todo isto, considero que é preciso explicar a importancia que ten a soberanía e a autodeterminación de Galiza para o noso pobo, así como entender que

a xente nova somos un dos eixos centrais na difusión e espallamento da conciencia nacional, da visión entre a xente da nosa idade de Galiza como unha nación con dereitos e características diferenciadoras do resto de territorios.

Madrid, por moi progre que se queira volver, nunca, nunca vai mirar polas necesidades e preocupacións de Galiza, entre outras cousas, porque sempre fomos a lacena da que coller alimento, encher bandullo a cambio de nada!

Como dicía Manuel Reboiras, irmán de Moncho:

Moncho é a vontade militante dun mozo que percorre a Galiza nun 600 e o mundo enteiro coa súa imaxinación. Un mundo que, no seu maxín, era ceibe, libre de ditaduras, de represións, de "grises". Un mundo vermello, azul e branco, como di a sinopse argumental do guión Moncho Reboiras: semente de vitoria".

A mocidade galega que está na UMG -Unión do Pobo Galego-, Galiza Nova, Comités e toda aquela que quere cambiar o rumbo do noso país, tamén percorremos as rúas e sendeiros coa férrea vontade de facer ver a necesidade da autodeterminación da nosa nación e coa pretensión de que agrome esa semente de Moncho e tantas outras persoas, para así, con ela, conseguir unha futura Galiza independente.





A unidade por Galiza

Iván Rivas



A unidade parecer ser a base incuestionable sobre a cal debe desenvolverse calquera tipo de acción política no momento actual.

A unidade é empregada desde todos os ámbitos e desde todos os sectores do espectro político e social. Así, hai quen reclama a unidade fronte á ameaza nacionalista, quen esgrime esta unidade fronte a casta política ou quen a argulle como argumento fronte as políticas neoliberais. O común a todo este conxunto de diversas visións da unidade non é máis que o feito que sempre se circunscriben dentro do ámbito da política española.

Como si no ámbito do sistema de partidos, a política española marcasse unha pauta de validez universal, que ten que reproducirse milimetricamente en todas partes, sen matices nin excepcións.

Unha unidade uniformadora, intolerante coa diversidade para a que a imposición da cultura española e unha xerarquía económica e política supón o progreso da humanida-

de. Para a que a limpeza de sangue española, xeradora de castas reais e coloniais e que se reflicten nos nosos días son produto da casualidade histórica, ou para quen Bankia é unha entidade sistémica pertencente a todos os españois mentres unha entidade financeira galega e produto do capital especulativo.

As gafas rigorosamente españolas coas que este tipo de analistas proxectan a súa mirada cara a realidade política, condúcenles á enganosa crenza de que, politicamente falando, o mundo non é máis que unha España máis grande ou máis pequena, onde o xogo político repartese e só se pode repartir entre dúas posicións básicas: unha de carácter supostamente conservador e outra supostamente socialdemócrata. Non hai máis, o resto son delirios psicóticos. Se isto non é así, os seus esquemas derrúbanse e non son capaces de entender nada, ou non queren, do que acontece en Galiza e no mundo.



O principio monolítico e homoxeneizador choca de fronte con un vasto movemento, cada vez máis divulgado: o ecoloxismo, é dicir, a familia de programas que promoven a diversidade natural, e en particular a biodiversidade, a preservación de cantas especies animais e vexetais sexa posible, incluso e especialmente as que están ameazadas de extinción.

Este principio choca tamén de fronte contra o feito de que as grandes diferenzas a nivel mundial non son diferenzas de clase, son diferenzas entre os diferentes lugares, tanto no mundo como en Europa, son diferenzas fundamentalmente en función do lugar onde se nace.

Porque as causas profundas da situación actual derivan da desigualdade e das relacións de dominio. Porque a riqueza na súa forma de capitais industriais e mercadorías discorre entre o interior e entre os polos da economía mundial marxinando rexións enteiras, e no interior deses polos os fluxos de riqueza concentranse en zonas produtivas concretas vinculadas directamente co mercado mundial, marxinando zonas interiores que se converten, no mellor dos casos, en atrasadas provedoras de forza de traballo barata.

E é evidente que nós vivimos esta situación moi de preto cos nosos constantes procesos emigratorios que nunca deixaron de existir e que agora agroman de modo virulento. Porque Madrid non é Ferrol, como Frankfurt non é Atenas.

E aquí o estado español actúa dentro desta mesma dinámica, de modo xerárquico someténdose ás directrices da Unión Europea e priorizando o desenvolvemento dos seus centros productivos e financeiros, como demostran a actitude que mantén en relación con Bankia, ou Repsol, en contraste co comportamento que mantén respecto ao sector naval en Galiza ou as caixas galegas, espoliando os nosos recursos económicos e produtivos para alimentar aos seus.

Por iso a incidencia da situación económica non é a mesma en todas partes e as consecuencias das decisións políticas que se toman non van ser as mesmas.

O certo é que este patriotismo español tan belixerante cos de dentro pero sumiso cos de fora, aceptando constantes imposicións, non ten outra explicación máis que polo feito de que existe unha relación directa entre o poder económico das multinacionais, as grandes entidades financeiras e o poder político dos estados aos que pertencen estes grandes oligopolios. Os estados hexemonistas en Europa farán todo o posible solidariamente para impedir o xurdimento de novos Estados, porque este feito non só supón o cuestiona-

mento do poder político senón tamén o cuestionamento do poder económico.

Unidade, por exemplo, para acadar unha república.

Pero, ¿de qué República se trata? ¿Dunha «República universal»?

Iso non existe, nin parece que vaia a existir cedo, a menos que se entenda por tal o superimperio Anglosaxón, e que nos debamos someter ao seu dominio primeiro como españois e despois como galegos sometidos xa ao microimperio Español.

Ou a unidade como un designio universal cara o que camiña o resto da humanidade excepto os desequilibrados nacionalistas.

O problema deste argumento é que a realidade advirte que o mundo vai xustamente no sentido contrario, e a tendencia no mundo e a constitución de novos estados por secesión de estados multinacionais e non a constitución de novos estados por fusión de 2 ou máis nacións. Estonios, letóns, lituanos, eslovacos, moldavos, croatas, kurdos, tamiles, eritreos, son proba delo.

Polo que para os que falan da «tendencia universal á superación dos Estados

nacionais» e cousas parecidas, unha ollada á realidade debería suscitarlles algún interrogante.

E qué?, dirán «de ahí só se deduce que grandes porcións da Humanidade volvéronse tolas. Todos un atallo de dementes e criminais.

Hai que curarlos e,ou reprimílos (que é o que fan os israelitas en Palestina)».

A unidade, pero tolerante coa diversidade cultural do mundo.

En realidade o que realmente lles preocupa aos unitarios non é a a diversidade cultural pero si a nacional. É posible que non teñan verdadeiros problemas coa diversidade de tradicións musicais, culinarias, lúdicas, etc. mentres non se equiparen as manifestacións artísticas dunha nación sometida aos dunha recoñecida, e así é tolerable Milladoiro mentres non se compare co carácter universal do flamenco de Camarón. A diversidade cultural é molesta na medida en que poida fundamentar a diversidade nacional.

Ou a unidade para actuar dentro dunha UE da que se nos quere convencer do seu carácter de ESTADO SUPRANACIONAL

Pero, que é a Unión Europea? A nivel económico, está claro: un club para facer bos negocios con menos cortapisas arancelarias e (en parte) cunha moeda única.

E politicamente?, fundamentalmente un



obxecto ao seu servizo.

En resumo, non existe ningún Estado multinacional en cernes nin en Europa, nin en ninguna outra parte do mundo. O que vexo son Estados nacionais máis ou menos fortes (sobre todo un) que impoñen, a súa política aos demais a base de presións culturais, económicas e/ou militares.

E esta realidade non representa o ideal de Estados democráticamente multinacionais e cada vez máis amplos cos que todavía soñan algúns cándidos «ciudadanos del mundo»

E por tanto, cando alguén, no ámbito político, enfatiza a unidade por encima de todo, non podo deixar de pensar na caracterización falanxista da nación hispánica como «unidade de destino no universal»

A unidade, para nós, significa, que España, de novo, empregue aos estaleiros galegos como carroña para os voitres dos estados europeos co fin de salvagardar aos estaleiros do sur do Estado español, sen que nin sindicatos nin partidos políticos estatais cuestionen o máis mínimo a política económica dun Estado, que con gobernos de “esquerda” ou “dereita” aplicou sempre o mesmo deseño político e renunciou ao sector naval, estratéxico para a economía galega e que ademais o fixo sempre en perxuizo dos estaleiros galegos.

Unidade significa que mentres calan fronte o desmantelamento deste sector produtivo, acusan a aqueles inxenuos aos que 30 anos de falsidades se nós fai insoportable, de romper a unidade da clase traballadora.

Unidade para demandar un dique flotan-

te, que ocupa páxinas de xornais e discursos políticos e sindicais durante anos mentres, ao tempo, o Estado transfere ao ministerio de Defensa o proxecto industrial dos estaleiros da ría, e inicia o proceso de integración destes nun gran grupo europeo. É dicir, a permanente limitación dos estaleiros ao ámbito militar e a súa entrega a un gran grupo europeo, sen que ninguén cuestione esta decisión.

A unidade significa que quen ten dereito a decidir sobre si mesmo é o pobo que ten ese dereito adquirido xuridicamente no momento actual, é dicir, o pobo español. E que o feito de que o todo decida sobre o que quere unha parte é unha nimiedade, capricho de enfermos psíquicos que deben curar o seu mal viaxando, no mellor dos casos e some-téndoos á forza no peor.

!Que grande revolución é permitir que aqueles que teñen un dereito legalmente establecido poidan exercelo!, e que aqueles que non teñen este dereito recoñecido, como os galegos, vascos ou cataláns, se lles cualifique de insolidarios, de querer desfacer a unidade. Polo que, sinceramente, non creo que este tipo de revolucións cambien o curso da historia.

Fronte a esta situación, que poden facer os partidarios da utopía verdadeiramente multinacional? Hai dúas opcións.

Unha é resignarse en aras da paz individual, que non nacional, e limitarse a salvar de cada nación minoritaria o que tolere a maioría hexemónica. En resumo, aceptar ser o galegos e galegas que España nos permita ser.





A outra é tratar de construírse outro Estado que represente mellor a súa identidade nacional, con outras nacións ou sen elas.

Eleccións municipais

No próximo ano desenvolveranse dous procesos electorais importantes que desde o nacionalismo debemos enfrontar con valentía.

As eleccións municipais que se desenvolverán en maio deben ter para nós a importancia de mostrar a través da presenza do nacionalismo a dignidade dun país, en cada pobo e en cada cidade. A presenza do nacionalismo debe ser o vehículo de expresión dun pobo amordazado e negado polo resto de organizacións políticas, que no mellor dos casos ofrecen a indiferenza fronte á realidade dunha nación que só existirá como suxeito político mentres exista o nacionalismo. E este debe ser o noso obxectivo prioritario, máis aló de cuantificar o número de alcaldes, alcaldesas ou gobernos municipais nos que temos presenza de maneira conxuntural.

Neste contexto a responsabilidade é compartida, os galegos e galegas non poderemos inhibirnos do que está a suceder, a pasividade é tomar posición, a abstención non existe, e en decidir o que queremos para o noso pobo neste momento reside a nosa responsabilidade como pobo. E o problema é que no momento actual, como galegos imos ter que escoller, non vale inhibirse, non existe

a abstención, teremos que decidir máis cedo que tarde qué queremos ser, que queremos que sexan os que nos sigan, e teremos que asumir a nosa decisión.

Porque este proceso de redefinición do Estado español vaise a producir, sexa dun modo ou de outro, sexa cun carácter máis superficial ou cun carácter máis profundo, sexa máis ou menos agresivo. E teremos que definir que posición queremos manter como galegos e galegas no que vai a acontecer, tendo en conta as consecuencias que para o futuro pode ter o feito desvincularnos do camiño emprendido polas outras dúas nacións que existen no Estado español, e tendo en conta que teremos que enfrontarnos a colectivos e organizacións emanadas da centralidade do Estado, que non cuestionan o máis mínimo a lexitimidade democrática dun Estado xerarquizado tanto nos dereitos individuais como nos colectivos.

Pero ademais, desde as organizacións políticas con carácter fundamentalmente galega temos outra responsabilidade engadida, á que tampouco podemos renunciar, xa é tarde para facelo.

Os galegos e galegas agardan de nós algo máis que a nosa simple presenza institucional.

Agardan por un lugar onde acudir, agardan o apoio permanente e incondicional e a complicidade dunha organización froito da súa existencia como pobo.





O máis grande tributo a Reboiras é a vitoria

Nestor Rego



O pasado 25 de xullo a Unión do Povo Galego fixo 50 anos de existencia e de loita ininterrompida por unha Galiza libre e socialista. Celebrámolo da mellor maneira posíbel: mobilizándonos en Compostela, nun Día da Patria masivo en defensa da soberanía. Festexámolo, por tanto, cunha demostración da capacidade de mobilización do nacionalismo, que deriva da súa introdución social, da organización, do traballo permanente en todos os ámbitos da nosa sociedade. Demostramos ese día que o nacionalismo, a pesar das enormes dificultades en que desenvolve a súa acción política, ten moitas fortalezas e aínda moitas potencialidades que é preciso valorizar e desenvolver.

Ficou tamén en evidencia que, para alén das vicisitudes electorais en que moitos factores entran en xogo, o nacionalismo é unha realidade sólida e con capacidade, asentada no povo ao que serve, e con base para avanzar. E iso a pesar de ter todo en contra. Aquí non estamos a falar de produtos electorais inflados mediaticamente conforme ao intereses conxunturais do poder. Estamos a falar dun proxecto firme, que foi construído precisamente contra o poder e, por tanto, tamén contra o permanente acoso mediático do sistema. Creado e construído por e para a Galiza.

“Ficou tamén en evidencia que, para alén das vicisitudes electorais en



que moitos factores entran en xogo, o nacionalismo é unha realidade sólida e con capacidade, asentada no povo ao que serve, e con base para avanzar”.

Cando en 1964 é fundada a UPG, rexorde o nacionalismo organizado e actuante politicamente. A UPG aparece porque era unha necesidade do povo galego contar con forzas políticas propias que, desde a independencia política e organizativa actuasen en función dos intereses da nación. Era moi fácil na altura deixarse engaiolar polos apelos da esquerda españolista á unidade contra a ditadura que exixía actuar sometidos ás dinámicas políticas xerais, quer dicir, ás dinámicas políticas españolas. As persoas que fundaron a UPG non o viron así. Tratábase de loitar contra a ditadura, é verdade, mais non só.

Desde unha perspectiva de País, o que en realidade era preciso era loitar contra a dependencia colonial, contra a opresión da nosa nación e pola soberanía da Galiza. E para iso non servía a esquerda española. Moi ao contrario. Someterse a esa dinámica tería sido renunciar á posibilidade de a Galiza exercer como suxeito político e á necesidade de se organizar para avanzar no proceso de autodeterminación.

Os intereses da Galiza exixían outra cousa. Exixían non só organización política propia mais tamén vertebrar a sociedade galega de maneira independente en todos os ámbitos. E, cando apenas 5 anos após a fundación Moncho Reboiras se integra no Partido, a ese labor de auto-organización dedica todos os esforzos, quer no campo sindical, organizando





os primeiros núcleos do sindicalismo nacionalista, que no cultural ou estudantil. Tiña claro o compañeiro Reboiras algo que agora, 40 anos despois, moitos que se postulan nacionalistas esquecen ou fan por esquecer: para podermos alcanzar a independencia temos que comezar por pensar con independencia e por actuar con independencia., Quer dicir, romper a colonización mental e garantir organizacións propias, non dependentes, para a Galiza poder actuar tamén en función dos propios intereses.

Nestes tempos de confusión e de mistificacións, convén ter ben presente o exemplo militante de Reboiras e con el o das persoas que ao longo dos anos mantiveron e desenvolveron as liñas axiais do nacionalismo. Porque o proxecto nacionalista é unha construción colectiva, mais hai tamén sen dúbida, persoas que co seu excepcional labor político e militante contribuíron de maneira singular para que hoxe sexa a realidade firme que é. De entre todas esas persoas, quero destacar a de Bautista Álvarez, exemplo de dedicación militante e de coherencia política e persoal que é de xustiza recoñecer. Dicía Bautista no acto de conmemoración do 50 aniversario do Partido que era un feito excepcional no País que unha forza política como a UPG desenvolvese un labor continuado ao longo de 5 décadas, baixo as mesmas siglas e tamén baixo os mesmos postulados. Pois ben, temos que dicir que non é menos excepcional unha traxectoria de militante e dirixente político de 50 anos, desenvolvida con coherencia, con confianza na Nación e con fidelidade á causa e aos principios o nacionalismo. Por iso, como a de Reboiras, a traxectoria política de Bautista é para nós exemplo e fonte de auga fresca en que inspirar o

noso labor político e militante. Vaia, por tanto, o noso sincero tributo ao camarada Bautista Álvarez.

“Tiña claro o compañeiro Reboiras algo que agora, 40 anos despois, moitos que se postulan nacionalistas esquecen ou fan por esquecer: para podermos alcanzar a independencia temos que comezar por pensar con independencia e por actuar con independencia”.

Nós temos confianza no noso povo e estamos dispostos a petar e petar, todo o que for necesario, até alcanzarmos un estado de opinión revolucionario. Porque sabemos que as condicións obxectivas están dadas para que o povo galego camiñe con decisión para a soberanía. Falta apenas -e non é pouco- que, contra todo o poder mediático do sistema e fronte á submisión consciente e colonizada do goberno galego, fronte ao servilismo do PPSOE como bos xestores do réxime, fronte ao





comportamento de bos asimilados desa dita esquerda anti-sistema upada electoralmente desde os medios e platós televisivos do propio sistema e tamén fronte ao entreguismo daqueles que dicíndose nacionalistas confesan impudicamente non confiar no povo galego, sexamos capaces de facer chegar ao noso povo as razóns polas que a Galiza precisa de soberanía.

Son moitas e cada vez máis evidentes. Andan agora coa cantilena os nosos detractores de que se engana o BNG por falar de soberanía cando á xente o que preocupa é o emprego. Pois ben, de que pensan que estamos tamén a falar cando falamos de soberanía? Non é apenas por razóns ideolóxicas e identitarias -como gostan dicir-, aínda que para calquera patriota serían máis que suficientes. A reivindicación da autodeterminación é un dereito democrático colectivo básico ao que a Galiza non pode nin debe renunciar e que constitúe a columna vertebral da

reivindicación nacionalista ao longo da nosa historia recente. Lembremos apenas a formulación empregada por Castelao no Sempre en Galiza hai xa máis de 70 anos: “Galiza é unha nacionalidade e por tanto ningún antifascista pode recusarlle o dereito de autodeterminación, quer dicir, o dereito a gobernar a súa vida” E lembremos aínda que, cunha formulación parecida mais inequívoca, o primeiro dos 10 puntos fundacionais das UPG establecía que “Galiza é unha nación e como tal ten dereito á súa autodeterminación”. É, pois, razón suficiente para nós, como o é para calquera povo do mundo. No entanto, para a Galiza a soberanía é moito máis que a consecuencia lóxica dun dereito que lle debe ser recoñecido e que debe exercer. É unha verdadeira necesidade se quixermos sobrevivir como povo. Do punto de vista lingüístico e cultural, máis tamén do punto de vista económico.

E non temos que ir moi lonxe no tempo para mostrar como soberanía e desenvolvemento económico, soberanía e benestar, están intimamente ligados, porque todos os días temos bos exemplos. Estes últimas semanas coñecemos informacións económicas relevantes para o noso País que poñen claramente en evidencia a relación directa entre falta de soberanía e desemprego: vén de se facer público o novo rexeitamento de Bruxelas á construción do dique flotante, que se suma ao reiterado veto para a construción civil en Navantia, o que leva condenado a comarca de Ferrolterra á perda de millares de postos de traballo nestes anos. Podemos, como acontece co tratamento dos medios sistémicos, consideralo como algo inevitábel, ou podemos, como fai o nacionalismo, evidenciar que é consecuencia directa





de seren outros, Madrid e Bruxelas, os que deciden por nós. E aínda hai que diga que a soberanía non ten a ver co emprego!

“Andan agora coa cantilena os nosos detractores de que se engana o BNG por falar de soberanía cando á xente o que preocupa é o emprego. Pois ben, de que pensan que estamos tamén a falar cando falamos de soberanía?”

Tamén Madrid e Bruxelas, e non a Galiza, deciden cando, onde, como e canto podemos pescar, limitando as nosas posibilidades e condenando unha frota de pesca punteira no mundo a ir esmorecendo, e con ela as posibilidades de emprego no sector. Recentemente o Ministerio de Pesca español negociou a inclusión doutras frotas do estado na revisión do Protocolo de pesca Unión Europea-Mauritania mais deixou fóra a frota galega. E antes foi a cota da xarda, ou os acordos con Senegal ou con Marrocos. E aínda hai quen diga que a soberanía non ten a ver co emprego!

E podemos falar doutros sectores. O proceso de reestruturación bancaria deseñado por Madrid e Bruxelas, para alén de eliminar o sistema financeiro galego, supuxo o encerramento de máis de 700 oficinas e a perda de máis de 4.000 postos de traballo. Galiza non puido decidir e saímos claramente prexudicados. Como saímos prexudicados dun sistema de financiamento que nos venden como solidario e a salvación de Galiza e que na realidade, drena os nosos impostos para beneficio da oligarquía española. Ou prexudicados tamén do espolio do noso aforro ou da nosa capacidade de produción enerxética. Onte mesmo coñecíamos o dato de que o emprego no noso país se sitúa, como mínimo, no nivel do ano 2000,

retrocedendo por tanto 14 anos. E aínda hai quen considera que non é o momento de falar de soberanía!

Nós, en troca, temos claro que si. Porque sabemos que no noso País non haberá posibilidade de resolver definitivamente os principais problemas sociais -desemprego, abuso dos bancos, desafiuzamentos, roubo do aforro, impedimentos para o desenvolvemento da economía produtiva, perda de dereitos- se non tivermos capacidade de decidir. Aliás, a pretensa dicotomía entre soberanía e emprego, para alén de ser falsa parte de premisas absolutamente enganosas. Ou alguén é capaz de soste seriamente, neste país, que o BNG fica indiferente diante dos problemas sociais a esperar que a soberanía caia como maná do ceo? O Bloque é sen dúbida, a organización política que, de forma constante nos máis de 30 anos de historia, estivo presente en canto conflito social existiu no noso país, nas rúas, nas mobilizacións, levándoos ás institucións e, ademais, propondo sempre alternativas. Fagamos valer, por tanto, o noso traballo e defendamos con firmeza o noso discurso.

“Sabemos que no noso País non haberá posibilidade de resolver definitivamente os principais problemas sociais se non tivermos capacidade de decidir”.

Amigas e amigos: o curso político que está a piques de se iniciar coloca por diante novos e importantes retos. A comezar polo proceso ‘Construíndo futuro’ que ten lanzado o BNG. Trátase de, fronte ás dinámicas políticas españolas, fortalecer as dinámicas políticas propias a partir dun proceso de acumulación de forzas arredor do proxecto nacionalista que



o BNG representa e da liña política definida nas dúas últimas asembleas nacionais. Temos claro que este é un proceso absolutamente necesario para logramos que o nacionalismo avance e, por tanto, é preciso asumírmolo como unha prioridade política, non de forma rutineira, mais de modo creativo e tratando de desenvolvelo de maneira que sirva aos obxectivos fixados e saiamos del con un BNG máis forte e con máis capacidade.

O noso partido que sempre se esforzou por contribuír con todo o seu potencial para a causa do nacionalismo e nese camiño non dubidou en introducir as adaptacións precisas para podermos avanzar. Tamén agora enfrentamos este proceso con esa mesma disposición, mais ao tempo, como sempre, desde a coherencia

política e ideolóxica e o respecto polo que colectivamente temos acordado. Estamos para reforzar o nacionalismo, desde o principio e a práctica da auto-organización, e para iso temos a enteira disposición para definir colectivamente as mellores fórmulas para conseguilo. Non estamos para baixar os escudos e deixar a nave inerte e indefensa. Para esa viaxe non eran precisas alforxas. Sería máis que renunciar a 50 anos de coherencia, de sacrificios, de loita. Sería tanto como renunciar na práctica ao nacionalismo e por iso mesmo ao obxectivo da soberanía.

Sabemos que para moitas persoas, mesmo nacionalistas de boa fe, pode resultar tentador ese discurso da 'unidade da esquerda', 'todos contra o PP'. Mais é enganoso e, para estar prevenidos, só hai que reparar no enorme espazo mediático



que está a recibir. Con certeza que tamén á altura de 1964 o máis fácil parecería deixarse arrastrar polo discurso de 'unidade fronte ao inimigo común', un inimigo que, aliás, era moi poderoso e encarnizado. E, con todo, o nacionalismo reorganizouse e lanzou a súa propia batalla contra o réxime ditatorial. Mais, do mesmo modo que daquela non era unha loita só contra a ditadura senón contra a dependencia colonial, tamén agora a nosa loita non é apenas contra a ditadura dos mercados ou contra o PP que lle toca por turno xestionar o sistema. É contra a nosa dependencia, é contra esa España que nos rouba e nos oprime, é pola soberanía da Galiza. E nese camiño non hai atallos, hai apenas pretextos. Non é posíbel avanzar para a soberanía integrándose -ou mellor, entregándose- con aqueles que traballan contra o noso dereito a decidir. Non se avanza para a independencia, contribuíndo para reforzar -en aras da chamada unidade da esquerda- as dinámicas políticas españolas. Un proxecto político non pode servir a dous obxectivos diferentes e o noso estivo, está e estará sempre, sempre, sempre para servir a Galiza.

"Sabemos que para moitas persoas, mesmo nacionalistas de boa fe, pode resultar tentador ese discurso da 'unidade da esquerda', 'todos contra o PP'. Mais é enganoso e, para estar prevenidos, só hai que reparar no enorme espazo mediático que está a recibir".

No ano 2015 temos que afrontar dous procesos electorais esenciais para o noso País: as eleccións municipais e as xerais. Farémolo, como sempre, coa máxima dedicación e o máximo esforzo, sabendo que do resultado deses procesos van derivar situacións chave para o

nacionalismo. Singularmente porque as eleccións municipais representan a oportunidade de asentar e estender a organización e a influencia política do BNG no ámbito local, sen dúbida unha das nosas fortalezas. Mais tamén temos o reto fundamental de garantir a representación do nacionalismo no Congreso dos Deputados, vital para defender a posición da Galiza nos posíbeis procesos que se puideren abrir no estado español nos próximos tempos.

O momento polo que pasa o nacionalismo non é fácil, mais tamén é verdade que se abren dinámicas esperanzadoras que necesariamente teñen de vir a reforzar as nosas posicións. Primeiro porque a crise económica, contra o que pregoan os entusiastas xestores do sistema, está lonxe de chegar á súa fin e a crise política aínda non fará máis que aprofundar. Mais tamén polo avance dos procesos de soberanía abertos en Europa e no estado. Nese sentido, queremos aproveitar este acto para proclamar publicamente o noso apoio á independencia de Escocia, a referendo o próximo día 18 de setembro e ao proceso para a independencia de Cataluña, con consulta marcada para o 9 de novembro. Temos a certeza de que, aconteza o que acontecer nesas datas, o avance desas nacións para a independencia é xa imparábel e abrirá -xa está a abrir- unha vía de auga na até o de agora incuestionábel unidade dos estados da Europa occidental, particularmente do Estado Español. Con ese mesmo espírito solidario e internacionalista alzamos a nosa voz, máis unha vez, para condenar o masacre, o auténtico xenocidio que Israel está a perpetrar co povo palestino en Gaza e reclamamos paz, liberdade e independencia para Palestina. Nós temos que percorrer



o noso propio camiño e farémolo, sen dúbida, coa mesma ilusión, coa mesma convicción e co mesmo compromiso con que chegamos até aquí. Mais tamén coa certeza de que a vitoria está cada vez máis próxima.

“O momento polo que pasa o nacionalismo non é fácil, mais tamén é verdade que se abren dinámicas esperanzadoras que necesariamente teñen de vir a reforzar as nosas posicións”.

O ano que vén, cando se fan 40 do asasinato do noso camarada, será para nós, para todas as persoas nacionalistas, o ano de Moncho Reboiras, o momento de lle dar unha nova dimensión á súa figura e de estender por toda a parte, na teoría e a práctica o seu exemplo militante. Porque a mellor maneira de homenaxear Reboiras é continuar o seu labor e o de todas as persoas que ao longo destes 50 anos traballaron incansabelmente para construír un movemento patriótico forte e con determinación de vencer. Amigas e amigos, camaradas:

neste noso País, en que até o nome que lle damos ou as primeiras palabras con que saudamos alguén teñen dimensión política, non hai treguas na loita por unha Galiza ceibe e non pode haber tampouco parénteses políticas. Porque a auto-organización constrúese día a día. Porque a ponte para a nosa liberdade tamén se constrúe día a día, na rúa, nas mobilizacións populares, nas institucións e en todos os procesos electorais, foren eles galegos ou municipais. Porque sabemos que o máis grande tributo que podemos render a Reboiras é a vitoria, proclamamos hoxe, máis unha vez, a nosa fidelidade á causa da independencia nacional da Galiza, á que o noso camarada entregou a súa vida. E temos a certeza de que, máis cedo que tarde, veremos a semente que deixou florecer vizosa nunha Galiza liberada.

Viva a Unión do Povo Galego!
Viva o Bloque Nacionalista Galego!
Viva Galiza ceibe e socialista!

* Discurso pronunciado no acto de homenaxe da UPG a Moncho Reboiras. Ferrol, 12 de agosto de 2014





Lembranza a Moncho Reboiras

Paco Montero

Patriota da nosa terra
vai voando a túa alma
entre os nimbos polo ceo
coa bandeira azul i branca
coas estreliñas do ceo
na túa man lumieira espada.

Patriota de nai fermosa
valente e fero guerreiro
dos loitadores enxebres
ti es fermoso luceiro
dos loitadores galaicos
ti es garrido escudeiro.

-Recitado-

Gloria a ti, Moncho patriota
aquí fuches asasinado
mais do teu peito saíron
dous caraveis brillando
caraveis do teu sangue
que na bandeira bicaron
debuxando a rosa estrela
no noso pano sagrado.

Moncho ti si es o Cristo
que as bestas crucificaron.

Patriota da nosa terra
alma enxebre feiticeira
ti has de volver aos teus eidos
cando chegue a primavera
ti retornarás pra os eidos
coa nación en primavera

Coa nación en primavera
e a bandeira nos Ancares
acompañarán a túa alma
da independencia os cantares.

* Letra da canción interpretada por Paco Montero o 12 de agosto de 2014 na homenaxe da UPG polo 49 aniversario do asasinato de Moncho Reboiras



CPN

Cadernos de
Pensamento
Nacionalista



www.terraetempo.com

Fundación
Bautista Álvarez
de Estudos Nacionalistas



terraetempo
dixital galego de pensamento nacionalista